



INFORME COORDINACIÓN 1º SEMESTRE GRAO EN BIOLOXÍA

Curso Académico: 2020-2021

Javier Iglesias Piñeiro
Guillermo Covelo Artos
Ana M^a Otero Casal
Francisco J. Salgado Castro

Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o __/__/____
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o __/__/____

Presentación	p. 1
Primeiro Curso	p. 2
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 2
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 3
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 3
Segundo Curso	p. 4
<i>VALORACIÓN DO ALUMNADO</i>	p. 4
<i>COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 11
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 11
Terceiro Curso	p. 16
<i>ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS</i>	p. 16
<i>RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO</i>	p. 16
<i>REUNIÓN COS/CAS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 23
<i>REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 23
Cuarto Curso	p. 24
<i>VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA</i>	p. 24
<i>VALORACIÓN DE CADA PREGUNTA DO CUESTIONARIO</i>	p. 26
<i>COMENTARIOS SOBRE CADA MATERIA EN PARTICULAR</i>	p. 28
<i>REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS</i>	p. 34
<i>REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS</i>	p. 34
<i>Anexo I</i>	p. 37
<i>Anexo II</i>	p. 38

Presentación


Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2020-2021, na que a docencia transcorreu no medio dunha situación de pandemia causada pola COVID-19. Tamén se presentan os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso, así como os encontros feitos entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias. Os coordinadores para o primeiro semestre do curso 2020-2021 foron:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana Mª Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)


Primeiro curso


ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

PRIMER CURSO, 2020-21, PRIMER SEMESTRE (11 ENCUESTAS)



MEDIAS DE LOS 8 PRIMEROS ITEMS





REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Non houbo reunión cos coordinadores de materia neste semestre

O Coordinador do primeiro curso do Grao de Bioloxía

Fdo. Javier Iglesias Piñeiro

Segundo Curso

VALORACIÓN DO ALUMNADO

Este informe é o resultado das opinións enviadas por correo electrónico en xullo de 2021 pola representante de alumnos/as de 2º curso (grupo B) **Verónica Vázquez Pereiras** (a representante do grupo A, **María Bernárdez García**, non respondeu á solicitude de información), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º. É moi importante resaltar que número de enquisas cubertas foi ridículo (unha no grupo B e dúas no grupo A, en catro materias e só unha por grupo no caso de Bioloxía do Desenvolvemento) realizadas de xeito telemático a través da aplicación MS-Forms, de xeito que non teñen ningunha relevancia estatística e aportan moi pouca información. De tódolos xeitos, inclúense tamén os resultados desta valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenrolo do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións.

Cuestións xerais

En canto a este apartado só se ten recollido o comentario realizado pola representante do grupo B, polo que descoñezo se se trata do sentir dun número representativo de alumnos/as ou dunha opinión persoal.

En canto a cuestións xerais do desenrolo do curso, a representante do alumnado indica: *Xa foi expresado durante todo o curso de que se necesita presencialidade para unha mellor aprendizaxe, mais sabemos que polas condicións sanitarias iso non foi posible. Destacar que dentro do que foi o aprendizaxe telemático houbo profesores que o lograron facer máis ameno que outros. Para finalizar dicir que para moitos estudantes este foi un ano complexo e peculiar o cal queda reflectido nas notas. Resulta complexo aprender unha materia a través dunha pantalla e a carga de traballo aumentou o que conleva a ter menos tempo que adicar ao estudo. Dicir tamén o bo, en materias como Bioquímica I e Xenética II os seminarios sí foron de gran axuda para conseguir entender a materia pero noutras materias parte do traballo mandado non axuda a dita comprensión.*

A continuación indícase textualmente o transmitido pola representante en canto á **avaliación continua** das materias:

Pensamos que a avaliación continua neste grao está mal plantexada, a diferenza con outros graos ofertados pola universidade. O feito da existencia dunha avaliación continua obriga ao alumnado a traballar ao longo do cuatrimestre mais este traballo de nada vale se logo non se consegue acadar un 5 no examen, a excepción de Bioquímica I que a nota mínima está nun 4. Entendemos que a

súa postura defende que o feito de levar a materia ao día facendo traballos e demais facilita acadar o 5 no exame mais iso non é sempre así. En relación coa avaliación continua engadir que non é xusto nin coherente que non saibamos as notas da avaliación continua antes de enfrontarnos ao exame xa que, por exemplo no caso de Xenética I e Xenética II se non consigues mínimo un 2,5 na continua poñendo por caso un alumno que saque un 5 na proba final de nada lle vale aprobar o exame ao ter suspensa a continua e sabendo isto último podería deixar a materia para xullo e levala mellor preparada.

A única materia deste cuadrimestre na que se fan comentarios específicos tanto pola representante de alumnos/as como nunha enquisa é **Xenética I**.

Na enquisa dise o seguinte:

La materia de Genética I está totalmente mal impartida y descompensada, Carlos Suárez no debería ser coordinador ni examinarlos, que es una materia bonita que nos tiene que ser fácil y la convierte en odiosa, sólo miren los datos!! 107 suspensos para la segunda oportunidad 2021 con este señor no llegan las convocatorias a nada, nos morimos de horas de academias para nada, y gente experta que ha revisado sus exámenes y formas de corregir no están para nada de acuerdo con sus actos, nos retrasa años a la mayoría de alumnos, exige muchísimo y pone trampas en los exámenes para lo poco que explica, sus exposiciones y diapositivas son desastrosas y mezclando varios idiomas, hagan algo por favor!!!! Porque las medias de finalización de carrera y de todo se verán afectadas.

Por parte da representante de alumnos/as:

Gran parte do alumnado está descontento co profesor que imparte esta materia. Entre outras cousas no exame non indica as puntuacións das preguntas.

ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA

Como se ten indicado máis arriba, a realización das enquisas por mecanismos telemáticos foi un completo fracaso, só con 3 enquisas cubertas neste cuadrimestre, de xeito que non ten moito sentido facer unha análise dos datos. E a cousa se complica máis se comprobamos que de tres enquisas 1 alumno/a responde o apartado 6 (seminarios) en Botánica I cando esta materia non ten seminarios na súa programación docente, ou que en moitos casos respóndese 0 (non procede) noutros ítems de diversas materias. Polo tanto, nas seguintes gráficas faise unha separación por grupos das respostas, e non se teñen en conta as respostas 0 á hora de facer a valoración media da materia (feita cos resultados das preguntas 1 a 8). Todo isto fai que aparezan moitas diferenzas, probablemente inxustificadas, nas valoracións dos grupos A e B para a mesma materia. Polo tanto, os valores numéricos que se comentarán a continuación son os reflectidos nas táboas ao final do informe, onde se tratan as respostas en conxunto sen discriminar os grupos de docencia, para que

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2020-2021) Facultade de Bioloxía

polo menos os resultados sexan algo máis globais e coherentes. Aínda así, dada a escaseza de datos, as desviacións nas respostas son moi altas, agás en Bioloxía do Desenvolvemento onde son máis moderadas.

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e mesmo 3, en Zooloxía I, para case tódalas materias, coa excepción de Xenética I (2,0 na pregunta 1 e 1,67 na pregunta 2). No caso de Bioquímica I tamén está no límite de 2,0 na pregunta 2.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), o comportamento dos resultados é similar aos anteriores. En Xenética I tense a peor valoración (2.0) e algo máis alta en Bioquímica I e Botánica I (2,33). Nas outras dúas materias o resultado é igual ou superior a 2,5.

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral máis baixa que as anteriores e tamén a que menos respostas suma en xeral, en tódalas materias. Onde se obtén unha maior puntuación global, é en Bioloxía do Desenvolvemento (2,50). O resto teñen valoracións de 1,5 ou 1,67, agás en Bioquímica I que é a mínima de 1,0.

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) están ben valoradas polos/as alumnos/as nalgúns casos, tendo en conta a situación de semipresencialidade e as cuestións indicadas nos apartados anteriores. Este é o caso de Zooloxía I (2,67), Bioloxía do Desenvolvemento (2,50) e Bioquímica I (2,33). Pero nos casos de Botánica I (1,67) e Xenética (1,50) a valoración é moi baixa. A adaptación á situación docente nestas materias parece que resultou peor.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a teñen Bioloxía do Desenvolvemento (3,0) e Bioquímica I (2,33). En Zooloxía I a utilidade dos seminarios é valorada cun 2,0 e en Xenética I con 1,67. Como no caso das titorías, o número de respostas, xa exíguo e mesmo inferior nesta pregunta en varias materias. Como xa se indicou arriba, a pesares de non ter seminarios a Botánica I (a menos que neste curso se fixese algunha variación que descoñeza na súa programación docente), esta pregunta aparece valorada por un/ha alumno/a nas enquisas. Sorprende tamén que, pese a facer mención específica da utilidade dos seminarios de Bioquímica I no informe da representante, sexan os de Bioloxía do Desenvolvemento os mellor valorados. Pero dado o número de respostas, a representatividade destes datos é mínima, en calquera caso, posto que case, ou coma neste caso totalmente, a valoración en Bioloxía do Desenvolvemento é a dunha soa persoa. E o comentado pola representante pode ser tamén unha opinión persoal e non colectiva.

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que hai desacordo no alumnado co nivel xeral de esixencia nalgunhas materias. Tal é o caso de Botánica I e Bioquímica I, que obteñen un 2,0. Pero mentres na primeira todas as respostas son 2, no caso da segunda cada alumno/a respondeu unha cousa diferente. A situación é máis grave no caso de Xenética I onde as dúas respostas son 1 (o/a terceiro/a marca 0), indicando o máximo desacordo

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2020-2021) Facultade de Bioloxía

co nivel esixido polo profesorado. Pola contra, onde temos a mellor valoración neste aspecto da enquisa é en Bioloxía do Desenvolvemento (2,50) e en Zooloxía I (2,67).

As materias mellor valoradas na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) son Bioloxía do Desenvolvemento e Zooloxía I, ambas con 3,0, o que concorda con moitas das valoracións anteriores. En Botánica I a puntuación obtida é de 2,33, nun termo medio, como Bioquímica I (2,0), que de novo obtén esa nota a base de que cada un/ha dos/as tres alumno/as respondeu unha cousa diferente. Seguindo cos malos resultados en Xenética I, esta é a materia peor valorada, con 1,33.

A materia que se destaca co maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Xenética I (3,0) e coa máxima homoxeneidade nas tres respostas. Tamén requiriron un nivel de esforzo alto Bioquímica I (2,67) e Bioloxía do Desenvolvemento (2,5), e nun chanzo inferior Zooloxía I (2,33) e Botánica I (2,0). En calquera caso, tódalas materias supuxeron un nivel de esforzo medio ou alto.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) parecen non reflectir claramente as valoracións da pregunta anterior, cousa que sería lóxica e que ocorría habitualmente en cursos anteriores. De novo, a materia de Xenética I (3,0) é a destacada, e con respostas unánimes dos/as tres alumnos/as. Bioloxía do desenvolvemento ten unha valoración de 2,5. Aquí si hai coincidencia entre ambas preguntas, pero as cousas cambian no resto. Bioquímica I e Zooloxía I teñen a mesma valoración (2,0), mentres que a diferenza na outra pregunta é notable. Finalmente, Botánica I ten un promedio de 1,67 nesta pregunta, e de 2,0 na pregunta 9. Tal vez non hai que darlle moitas voltas a isto porque un simple cambio de valoración nunha enquisa varía notablemente o promedio, dada e escaseza de datos. De feito, precisamente en Bioquímica I e Zooloxía I na pregunta 10 as tres respostas teñen a máxima dispersión. Recordemos que nesta pregunta as respostas teñen a seguinte equivalencia: **1:** < 3 horas/semana, **2:** 3-6 horas/semana, **3:** > 6 horas/semana.

ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENROLO DAS MATERIAS

CURSO 2019-20. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenrolo da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación.
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (**1 baixo, 2 medio, 3 alto**).
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de **traballo persoal** necesarias para a superación da materia (**1:** < 3 horas/semana, **2:** 3-6 horas/semana, **3:** > 6 horas/semana).


A continuación preséntanse gráficas resumo cos resultados da enquisa por grupos. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubertas (non se cobren sempre todas as preguntas e noutros casos se marcan 0):


Botánica I, Zooloxía I, Bioquímica I, Xenética I: 2 (A), 1 (B)

Bioloxía do Desenvolvemento: 1 (A), 1 (B)


BOTÁNICA I. Media: G. A: 2,07; G. B: 2,33




ZOOLOGÍA I. Media: G. A: 2,44; G. B: 2,86




BIOQUÍMICA I. Media: G. A: 1,94; G. B: 2,50



XENÉTICA I. Media: G. A: 1,31; G. B: 2,6



BIOL. DES. Media: G. A: 2,29; G. B: 2,88



COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS

Os comentarios dos alumnos realizados no apartado de observacións da enquisa xa foron incorporados nos apartados anteriores do informe

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

A parte anterior deste informe, coas valoracións numéricas das enquisas e as opinións do alumnado, foi remitida o 07 de outubro aos/ás coordinadores/as das materias. Nas semanas posteriores algúns/has deles/as remitiron as súas opinións e comentarios, que se recollen a continuación.

Zooloxía I

O **prof. Andrés Baselga Fraga** indica que non quere facer comentarios ao informe anterior.

Xenética I

O **prof. Carlos García Suárez**, envía as seguintes respostas e reflexións sobre a súa materia, que se reproducen de xeito textual:

Respuesta a la encuesta transcrita en la página 2 del “INFORME SOBRE A DOCENCIA RECIBIDA NO 2º CURSO DO GRAO EN BIOLOXÍA. PRIMEIRO CUADRIMESTRE CURSO 2020/2021, VALORACIÓN DO ALUMNADO”

a “unha enquisa:”

1 – La afirmación “*una materia bonita que nos tiene que ser fácil y la convierte en odiosa,*” *podría resultar de un mal entendido. Parece natural que se haga énfasis en la “facilidad” en algunas formas de enseñanza, pero no en la educación superior en la Universidad, en donde de hecho los alumnos deben superar pruebas selectivas para poder matricularse. En la docencia universitaria el énfasis ha de hacerse más bien en la adquisición de competencias, no en “tiene que ser fácil”. Por supuesto, conviene facilitar y potenciar esa adquisición, y de hecho en esta materia se ofrecen con ese fin tutorías de despacho, consultas de dudas por correo electrónico y se anima, tanto en la primera hora de presentación del curso como durante su desarrollo, a los alumnos a preguntar dudas en clase. En esta encuesta no se dice que la persona firmante haya visto rechazadas o ignoradas sus solicitudes de tutorías o consultas de dudas.*

2 - *La afirmación “pone trampas en los exámenes” podría también provenir de un malentendido. En cualquier actividad, y más aún si es cualificada, se deben resolver y*

enfrentar problemas y situaciones nuevos, y exámenes que tuvieran como objetivo “ser fáciles” no servirían para evaluar la adquisición de la competencia para hacerlo.

3 - “mezclando varios idiomas” Las clases expositivas son en principio en español, pero las respuestas a preguntas formuladas en clase son en gallego si el alumno las hizo en esa lengua. Las diapositivas que apoyan esas clases expositivas están en en general en gallego, pero tal como se anuncia y se intenta justificar en la primera hora del curso, de presentación de la materia, no se traducen las numerosas citas de literatura científica en inglés. Se transcriben directamente. Creo que cabe contar con que la lectura de textos en ingles no constituirá una dificultad para una persona matriculada en un Grado científico. Creo también que la demanda de un entorno monolingüe reducirá severamente el rango de empleos disponibles para un graduado universitario.

Respostas a la representate del grupo B:

1- “por exemplo no caso de Xenética I e Xenética II se non consigues mínimo un 2,5 na continua poñendo por caso un alumno que saque un 5 na proba final de nada lle vale aprobar o exame ao ter suspensa a continua e sabendo isto último podería deixar a materia para xullo e levala mellor preparada”. No comprendo este exemplo. La nota final en Xenética I se compone de las puntuaciones en el examen (50%), evaluación continua (30%), prácticas (10%) y tutorías en aula (10%). La representante sólo considera las puntuaciones en el examen y la evaluación continua. Descarta por completo la posibilidad de hacer las prácticas y las tutorías, y conseguir las correspondientes puntuaciones. Los profesores de la materia animamos a todos los alumnos a seguir todas las actividades previstas en la Guía docente. Les animamos también a seguir el curso con regularidad y a presentarse a los exámenes. No es completamente obvio que sea conveniente ayudar, como parece proponer la representante, a los alumnos a no presentarse a los exámenes. En cualquier caso, primero, las puntuaciones obtenidas en cada una de las actividades docentes son facilitadas a todos los alumnos que acuden a la revisión de exámenes de Xenética I. Y segundo, como coordinador de la asignatura, en el curso actual me propongo informar, en principio a través del Campus Virtual, a todos los alumnos de las puntuaciones obtenidas en las actividades previas al examen antes de su celebración: evaluación continua, prácticas y tutorías.

2 - “Entre outras cousas no exame non indica as puntuacións das preguntas”. La representante confunde, probablemente, Xenética I con alguna otra asignatura. Tal como puede verse en el archivo que se adjunta, en el examen del 29 de Junio de 2021, el último realizado en Xenética 1, se especifica la puntuación correspondiente a cada pregunta, y en alguna pregunta, a cada apartado.*

*O **prof. García Suárez** envía copia do citado exame onde aparece claramente reflectida a puntuación de cada unha das preguntas da proba.

Bioloxía do Desenvolvemento

A **prof. Rodríguez-Moldes Rey**, coordinadora de Bioloxía do Desenvolvemento, fai unha serie de observacións aos comentarios da representante de alumnos/as, dos que fai partícipe tamén á outra profesora implicada na materia, **Eva María Candal Suárez**:

En relación aos comentarios da representante do grupo B facemos as seguintes valoracións, que se poden utilizar textualmente para o informe final:

1-. Sobre as cuestións xerais do desenvolvemento do curso, concordamos en que a aprendizaxe por parte do alumnado ten un atranco engadido se a docencia non é presencial. Pero engadimos que tamén ten atrancos para o profesorado, que debe transferir o coñecemento e comprobar que o auditorio o recibe e o asimila. Transmitir coñecemento falándolle a unha pantalla sen saber se as persoas conectadas estaban asistindo a clase realmente ou si, aínda asistindo, estaban atendendo ás explicacións, foi unha experiencia desacougante e nada estimulante para o profesorado. Na nosa experiencia temos que dicir que a pesares dos intentos diarios de estimular a intervención do alumnado nas clases telemáticas, esta interacción practicamente se limitou aos saúdos de cortesía e a confirmación de que o sistema permitía unha boa recepción do son e da imaxe.

2-. Sobre a avaliación continua queremos precisar que os comentarios da representante están sesgados cara ás materias de Bioquímica e Xenética. Non fai ningunha referencia á Bioloxía do desenvolvemento cando a avaliación continua representou o 40% da avaliación final e a nota mínima na proba final para superala era de 4 sobre 10.

Bioquímica I

Como coordinador desta materia e tamén do 2º curso, o **prof. Covelo Artos**, redactor deste informe, tamén inclúe algúns comentarios ás valoracións do alumnado. No referente á cuestionada utilidade de moitas prácticas e seminarios á que fan referencia moitos/as estudantes, teño a sensación de que a maioría dos/as estudantes só consideran “útiles” certas actividades se son necesarias (ou serven) para superar o exame, e non consideran a importancia para a súa formación, mesmo cando ás veces estas actividades tamén teñen unha valoración propia na avaliación (como é o caso, por exemplo de Bioquímica I coas prácticas).

No relativo á docencia telemática, coincido co alumnado ao considerar que non é o mellor xeito de levar a cabo as clases, e que cada un/ha fixo a mellor adaptación posible ante a situación, con maior ou menor éxito, pero sempre poñendo a mellor

vontade. No meu caso, a gravación dos vídeos que puxen á disposición do alumnado en lugar de sesións en directo, supuxo un traballo engadido porque implicou a modificación das presentacións dos temas para incluír todo aquilo que escribo habitualmente no encerado, máis axustar locución. Todo isto supuxo, que de media, cada sesión de clase en vídeo supuña 3 o 4 veces máis de tempo que a súa duración co fin de tiveran a maior calidade de contidos. Ben é certo que algúns/has alumnos/as me agradeceron este formato, xa que o preferían as sesións *on line* en formato síncrono, xa que podían visualizar os vídeos en calquera momento.

No que non estou de acordo é que a docencia neste curso supuxera un maior esforzo e dedicación pola maior carga de traballo, polo menos no caso de Bioquímica I. O número de horas e os contidos de expositivas foron os mesmos que no curso precedente. Os seminarios foron os mesmos, e mesmo facendo menos problemas, xa que os cuestionarios (antes entregados ao finalizar en papel) foron substituídos por cuestionarios no curso virtual ao finalizar cada seminario (dentro do horario de cada seminario). Ben é certo, que ao facer menos problemas eles/as podían facer o resto pola súa conta, pero foron contados/as os/as alumnos/as que me expuxeron dúbidas ao tratar de resolver as preguntas non resoltas durante o seminario. E nas prácticas, a redución á metade da parte presencial compensada coa visualización dalgúns contidos extra e a realización dalgún problema, de ningún xeito puido supor máis tempo que o correspondente ao 50% non presencial das horas de prácticas.

Descoñecendo o que ocorre noutras titulacións da USC, considero que o exame é necesario para a avaliación do alumnado porque representa a única maneira de comprobar o rendemento individual. En moitos casos a avaliación continua baséase na realización de traballos colectivos onde non se pode asegurar o nivel de traballo e implicación de cada membro/a do grupo. No caso de Bioquímica I, a realización de memorias de prácticas realizadas en horario non presencial, aínda que teoricamente individual, na práctica están copiadas a maioría unhas das outras, ata cos mesmos erros groseiros ou mesmo faltas de ortografía. Tal deberíamos ser máis esixentes na súa corrección e suspender tanto ao/á copiado/a como ao/á copiadador/a. Ou ben, como se fai nalgunhas materias e titulacións (e se facía tamén noutros tempos), nas sesións de prácticas dar os protocolos e o material e deixar que o alumnado realizara a práctica sen máis axuda e supervisión, valorando exclusivamente o resultado final obtido. En calquera destes casos, veríamos entón cantos alumnos/as tiñan unha nota “decente” nese apartado e cantos/as protestarían para ter un modelo de avaliación diferente. Nos seminarios, onde se fai unha resolución conxunta e colectiva de problemas (e logo un cuestionario individual onde dispoñen tamén de libros e apuntes, das que dispoñen inmediatamente da nota obtida), poderían converterse en pequenos exames de temas,

Informe Coordinación 1º semestre (curso 2020-2021) Facultade de Bioloxía

sen máis axuda que os seus coñecementos. Aínda que se lles indica que leven a materia estudiada para o máximo aproveitamento do seminario, na maioría dos casos non teñen nin lido os temas previamente. A ver entón como reaccionarían se os seminarios foxen verdadeiras probas individuais dos seus coñecementos. Teño que recalcar tamén que no caso de Bioquímica I non hai nota mínima na avaliación continua, de xeito que poderán sempre presentarse ao exame coa posibilidade de aprobar. E, en xeral, aqueles/as alumnos/as que se esforzan durante o curso na avaliación continua son os que superan o exame e a materia, e os/as que non asisten aos seminarios, ou non se esforzan nos cuestionarios por non ter a materia repasada, ou fan unha memoria de prácticas desastrosa, son os/as que non acadan o mínimo de 4/10 no exame.

Para finalizar uns breves comentarios sobre os resultados das enquisas. Os resultados das preguntas 1 e 2 non son comprensibles. Impartiuse todo o programado dada a situación docente que tivemos. Fixéronse todos os seminarios programados, impartíronse o 50% das prácticas de modo presencial (e o resto con complementos e explicacións non presenciais) e déronse todos os temas do programa de expositivas. As titorías apenas foron empregadas, foron a petición do alumnado, como se indicou na presentación da materia e está reflectido na guía docente. Aqueles/as que as empregaron vía correo electrónico foron sempre puntualmente atendidos/as nas súas dúbidas (teño a compilación dos correos para demostralo e o agradecemento dalgúns/has pola atención recibida). Ningún/ha alumno/a solicitou titorías por MS-Teams nin presenciais, opcións que tamén se lles ofreceron. Polo tanto, que dous persoas marquen 1 neste apartado non é de recibo. Se non as empregaron deberían marcar 0, como fixo a outra persoa. Sobre as preguntas 7, 8 e 9 pouco que dicir porque aí cada un/ha respondeu unha cousa diferente, de xeito que hai pouca conclusión que sacar.

O Coordinador de Segundo do Grao de Bioloxía

Fdo. Guillermo Covelo Artos

Terceiro Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Debido as restricións derivadas da pandemia de COVID-19, a docencia neste período desenrolouse de xeito telemático para as clases maxistras, de xeito presencial para as clases interactivas e con grupos e número de horas presenciais reducidas no caso das prácticas de laboratorio.

Debido as restricións na docencia presencial, as enquisas de satisfacción se realizaron *on line*, recolléndose un número moi limitado de enquisas: 8 en total, (4 para o grupo A e 4 para o grupo B); Destas, un total de 3 tiñan comentarios na sección Observacións e suxestións. Este é un número moito máis baixo que as recollidas nos cursos 17/18 (57), 18/19 (52) r 19/20 (49). Recolléronse tamén os comentarios da única representante dos alumnos (Ainé Francos Golán) xa que a outra representante estivo facendo unha estancia SICUE durante este curso e non se nomeou un substituto no grupo B. Debido a pouca representatividade destes comentarios, non foron recollidos neste informe e fóronlles comunicados directamente aos profesores implicados. Debido a baixa representatividade das enquisas, non se celebrou reunión de coordinadores das materias. O informe enviouse por correo electrónico aos coordinadores das materias o día 6 de Abril de 2022. Non se recibiron comentarios dos coordinadores, que estiveron de acordo en que non era necesaria a realización dunha reunión para avaliar os resultados.

RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO

Como se acordou en reunións previas cos coordinadores das materias de terceiro curso, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta a preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Este ano, e debido ao baixo número de enquisas, non se aplicou a regra, acordada previamente, para non ter en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.




Figura 1. Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias no curso 20/21. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8.

En canto as medias das avaliacións dos items 1-8 para cada unha das materias, as diferenzas que se observan entre grupos non deben ser tidas en conta, debido ao baixo número de enquisas. Debese ter en conta que no curso 20/21 tódalas materias de terceiro eran impartidas polos mesmos profesores nos dous grupos. Ademais, o informe sobre a diferenza de cualificacións entre os diferentes grupos de Clases Expositivas, soamente revelou diferenzas significativas entre os grupos A e B para a materia Xenética Evolutiva ($p < 0,05$), aínda que esta diferenza non pode ser atribuída a diferenzas na docencia impartida, xa que ámbolos dous grupos foron impartidos polo mesmo profesor (Informe das diferenzas de cualificacións entre os diferentes grupos de clases expositivas para o Grado en Bioloxía, aprobado pola Xunta de Facultade do 4/4/2022).

Prodúcese un descenso na valoración media de todas as materias en comparación cos resultados obtidos no curso 19/20. Este descenso está seguramente afectado polo paso a docencia telemática nas clases maxistras, a redución das horas de docencia interactiva de xeito presencial nos laboratorios, e tamén probablemente debido a que a recollida dun número pequeno de enquisas tende a reflectir as opinións dos alumnos descontentos. Este descenso na valoración das distintas materias non presenta correlación cos resultados obtidos nas distintas materias. Débese salientar que, logo de que no curso 19/20 producírase un incremento xeneralizado na taxa de superación de tódalas materias de terceiro curso (92%), os resultados de alumnos que superan as

diferentes materias de terceiro do grao no curso 2020/21 (71%) son similares aos dos cursos 2016/17 a 2018/19, manténdose a tendencia de lixeiro incremento en 3º curso de Grao. É, sen embargo, salientable, a baixa taxa de éxito da materia Fisioloxía Vexetal I (55%), en relación as taxas de éxito do resto das materias (65-93%). Prodúcese tamén un descenso na taxa de aprobados da materia Xenética evolutiva (65%) en comparación coa taxa acadada no curso 2018/19 (73%) aínda que a tendencia da serie histórica de porcentaxe de aprobados é ascendente nesta materia (Informe das porcentaxes de superación de materias do grao en Bioloxía, curso 20/21).





Figura 2. Evolución da valoración xeral das materias (ítems 1-8) do primeiro cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 17/18, 18/19, 19/20 e 20/21. Utilizouse a mesma enquisa, aínda que en 2020/21 fíxose on-line, cun número moi pequeno de respostas (8 enquisas).

Valoración das materias.

Fisioloxía Vexetal I (Coordinadora: Prof. M. Gloria Revilla)


Contestaron a enquisa un total de 7 alumnos para esta materia, 4 do grupo A e 3 do grupo B. A valoración dos ítems 1-8 foi de 1,71, fronte aos 2,37 do curso 19/20, e 1,95 para os ítems 1-10, fronte aos 2,46 do curso 19/20.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Fisioloxía Animal (Coordinadora Prof. Celia Pombo Ramos)


Contestaron a enquisa un total de 6 alumnos para esta materia (3 do grupo A e 3 do grupo B). A media dos items 1-8 foi de 1,91 fronte aos 2,43 do curso 19/20 e 2,03 para os items 1-10, fronte aos 2,49 do curso 19/20.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Microbioloxía I (Coordinador: Prof. Manuel Lemos)


Contestaron a enquisa un total de 6 alumnos para esta materia (3 do grupo A e 3 do grupo B). A materia acadou unha puntuación media de 2,10 para os items 1-8, fronte aos 2,29 acadados no curso 19/20 e 2,0 para os items 1-10 fronte aos 2,12 acadados no curso anterior. É salientable a baixa puntuación acadada de novo nos items 9 e 10 nesta materia, sinalando a pouca carga de traballo, que xa se producira en cursos anteriores e que correlaciona coa elevada taxa de éxito na superación da materia (93%).



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Ecoloxía I (Coordinador: Prof. Alejo Carballeira)


Contestaron a enquisa un total de 7 alumnos para esta materia (3 do grupo A e 4 do grupo B). A valoración media das respostas foi de 1,78 para os items 1-8, fronte aos 2,16 obtidos no curso 19/20, e 1,94 para os items 1-10, fronte aos 2,16 obtidos no curso 19/20.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Xenética evolutiva (Coordinador: Prof. Román Vilas)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 6 (3 do grupo A e 3 do grupo B). A media total da materia foi 1,81 tendo en conta as preguntas 1-8, fronte aos 2,35 acadados no curso 19/20 e 1,91 tendo en conta todas as preguntas, fronte aos 2,41 do curso 19/20. Nestas medias non se tiveron en conta as respostas a pregunta 5, xa que esta materia non ten clases de laboratorio.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Neste semestre non se fixo reunión cos representantes dos/as alumnos/as

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Neste semestre non se fixo reunión cos coordinadores das materias de terceiro

A Coordinadora de terceiro do Grao en Bioloxía

Fdo. Ana María Otero Casal

Cuarto Curso

VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no segundo semestre do curso 2020-2021, na que a docencia transcorreu no medio dunha situación de pandemia causada pola COVID-19. Tamén se presentan os resumos de algunhas das reunións mantidas entre os coordinadores de curso e os representantes de alumnos cando houbo dita posibilidade, así como certos encontros feitos ou correos intercambiados, tamén na medida do que foi posible, entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias. Ao final deste informe engadiuse unha serie de reflexións feitas pola equipa de coordinadores á luz dos problemas atopados neste curso e nos precedentes. Os coordinadores para o segundo semestre do curso 2020-2021 foron:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
 - 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
 - 3º curso: Dra. Dña. Ana M^a Otero Casal
 - 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro (provisionalmente)
-

Primeiro curso


ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

PRIMER CURSO, 2020-21, SEGUNDO SEMESTRE (10 ENCUESTAS)



Item	
1	As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma
2	O temario impartido axústase ao programa establecido
3	Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias
4	As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia
5	As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
6	Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
7	O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8	A docencia da materia mellora a miña formación

MEDIAS DE LOS 8 PRIMEROS ITEMS



REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Non houbo reunión cos representantes dos alumnos neste semestre

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DE MATERIAS

Non houbo reunión cos coordinadores de materia neste semestre

O Coordinador do primeiro curso do Grao de Bioloxía

Fdo. Javier Iglesias Piñeiro

Segundo Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Este informe é o resultado das opinións enviadas por correo electrónico en xullo de 2021 pola representante de alumnos/as de 2º curso (grupo B) **Verónica Vázquez Pereiras** (a representante do grupo A, **María Bernárdez García**, non respondeu á solicitude de información), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º. É moi importante resaltar que número de enquisas cubertas foi ridículo (2 no grupo B e 5 no grupo A) realizadas de xeito telemático a través da aplicación MS-Forms, de xeito que non teñen ningunha relevancia estatística e aportan moi pouca información. De tódolos xeitos, inclúense tamén os resultados desta valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA

Como se ten indicado máis arriba, a realización das enquisas por mecanismos telemáticos foi un completo fracaso, só con 7 enquisas cubertas neste cuadrimestre e sen cubrir (resposta 0, *non procede*, en moitas preguntas) todas as preguntas, en moitos casos, de xeito que non ten moito sentido facer unha análise dos datos. E a cousa se complica máis se comprobamos que das 7 enquisas 1 alumno/a do grupo A responde o apartado 6 (seminarios) en Botánica II e que 3 dos/as 7 responden á pregunta 5 (prácticas) en Bioquímica II, cando nestas materias non se teñen seminarios ou prácticas, respectivamente, na súa programación docente. Polo tanto, nas seguintes gráficas faise unha separación por grupos das respostas (5 no grupo A e 2 no grupo B), e non se teñen en conta as respostas 0, nin ás respostas nos apartados 5 e 6 nas materias antes indicadas, á hora de facer a valoración media da materia (feita cos resultados das preguntas 1 a 8 para o resto de materias, se teñen valores de 1 a 3). Todo isto fai que aparezan moitas diferenzas, probablemente inxustificadas, nas valoracións dos grupos A e B para a mesma materia. Polo tanto, os valores numéricos que se comentarán a continuación son os reflectidos nas táboas ao final do informe, onde se tratan as respostas en conxunto sen discriminar os grupos de docencia, para que polo menos os resultados sexan algo máis globais e coherentes dentro das limitacións. Aínda así, dada a escaseza de datos, as desviacións nas respostas son moi altas.

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas

na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e mesmo preto do 3, en Zooloxía II (na pregunta 1), para case tódalas materias, coa excepción de Botánica II (1,60) na pregunta 1. No caso de Bioxeoquímica tamén está no límite de 2,0 na pregunta 2.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), o comportamento dos resultados indica que os/as alumnos/as detectan solapamentos en Bioquímica II e Xenética II, que teñen os valores máis baixos neste eido, 1,86 e 2,0, respectivamente. Próximo a esta última cifra, está o caso de Bioxeoquímica (2,17), no que parece que tamén se atopan algunhas redundancias. No resto de materias, cuns valores ben por riba de 2,5 parece que non existe este problema percibido.

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral máis baixa que as anteriores, en tódalas materias. Onde se obtén unha maior puntuación global é en Zooloxía II (2,17), seguida de Bioquímica II e Xenética II (2,0). Finalmente, Botánica II (1,20) e Bioxeoquímica (1,83) son as percibidas con menor utilidade das titorías. Cabe destacar, que pese ás poucas respostas nas enquisas, este apartado que noutros anos soe ser respondido (valoracións 1 a 3) por poucos/as alumnos/as (non facían uso das titorías, se entende), neste caso só fallan 1 ou 2 nalgúns materias. Realmente entón todos/as (ou case todos/as) os/as que responderon este apartado utilizaron as titorías neste curso?

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5), a pesares do que se di no comentario individual de arriba, están relativamente ben valoradas polos/as alumnos/as nalgúns casos, tendo en conta a situación vivida de semipresencialidade. Este é o caso de Zooloxía II (2,43) e Xenética II (2,29). Pero, efectivamente, as valoracións son moi baixas especialmente en Botánica II (1,20) e algo mellores en Bioxeoquímica (2,0). A adaptación á situación docente nestas materias parece que resultou peor. Aínda que en Bioquímica II aparece unha valoración de 2,33 neste apartado (froito das respostas de 3 alumnos/as), esta materia non ten prácticas de laboratorio na súa guía docente.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a teñen Xenética II (2,43) e Zooloxía II (2,0), de xeito que non é moi boa a percepción da utilidade dos seminarios neste cuatrimestre nas diferentes materias. Deste xeito, en Bioquímica II e Bioxeoquímica non se alcanza o 2 (1,86 e 1,6, respectivamente) o que resulta un pouco preocupante. Como xa se indicou arriba, a pesares de non ter seminarios a Botánica II (a menos que neste curso se fixese algunha variación que descoñeza na súa programación docente), esta pregunta aparece valorada por dous alumnos/as nas enquisas. Vemos certa concordancia do indicado pola representante de estudantes no seu escrito sobre os seminarios de Xenética II, coa súa valoración “xeral” nas enquisas polo resto de alumnos/as, posto que é a que obtén mellor valoración.



A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que hai bastante desacordo no alumnado co nivel xeral de esixencia nalgunhas materias. É de supoñer porque estiman que se pide máis na avaliación do nivel tratado nas clases. Tal é o caso de Bioxeoquímica e Bioquímica II (1,50 e 1,71, respectivamente), as únicas materias que non acadan o 2,0. Xenética II (2,14) e Botánica II están un chanzo por riba na percepción da adecuación do nivel esixido para superar a materia. No caso de Zooloxía II, o grao de satisfacción do alumnado nesta faceta é maior, ao obter 2,71.

As materias mellor valoradas na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*) son Bioquímica II, Xenética II e Zooloxía II, as tres coa mesma valoración de 2,29, que ao meu entender non é unha boa puntuación nun ítem tan importante. Loxicamente, a cousa empeora ao considerar as outras dúas materias, posto que teñen valoracións de 2,0 (Bioxeoquímica) e 1,67 (Botánica II). Considero que é preocupante que o alumnado considere tan pouco “útiles” para a súa formación determinados contidos esenciais para un/ha biólogo/a, ou que a maneira de impartilos que temos os/as profesores/as, como se indica nos comentarios de arriba, lles leven a esta conclusión.

As materias que se destacan co maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) son Xenética II e Bioquímica II (3,0) e coa máxima homoxeneidade nas 7 respostas. Tamén requiriu un nivel de esforzo alto Bioxeoquímica (2,50). Finalmente, Zooloxía II (2,29) e Botánica II (2,0) son as que supuxeron un menor esforzo e dedicación para o alumnado. En calquera caso, tódalas materias supuxeron un nivel de esforzo medio ou alto. Persoalmente creo que o feito de que unha materia supoña un nivel de esforzo alto non é algo malo, é algo consubstancial á docencia universitaria, e moito máis preocupante sería que preparar ou superar as materias supuxeran un traballo mínimo para os/as alumnos/as.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) parecen reflectir claramente as valoracións da pregunta anterior, sobre todo no caso de Bioquímica II e Xenética II, onde de novo temos unha valoración de 3,0, respondida por tódolos/as alumnos/as na enquisa. Nas outras materias hai máis dispersión nas respostas, como é o caso notable en Zooloxía II (2,0), coa máxima posible, e algo menor en Botánica II (1,83). Bioxeoquímica ten as respostas máis concentradas no 2, obtendo unha valoración de 2,17. Recordemos que nesta pregunta as respostas teñen a seguinte equivalencia: **1:** < 3 horas/semana, **2:** 3-6 horas/semana, **3:** > 6 horas/semana. Chama a atención que as materias (Botánica II e Bioxeoquímica) cunha peor valoración promedio global (1,86 e 1,91, respectivamente) e con peor resultado na pregunta 8 (*A*

docencia da materia mellora a miña formación) supuxeran un menor esforzo e tempo de dedicación que outras, o mesmo que Zooloxía II, a mellor valorada globalmente (2,45). Pola contra, materias máis “esixentes” (preguntas 9 e 10) e “castigadas” na valoración global (Bioquímica II, 2,09 e Xenética II, 2,28), teñen a mesma percepción global de “utilidade” (pregunta 8) que Zooloxía II (2,29 nas tres materias). É dicir, parece que por unha banda o alumnado valora mal aquelas materias que requiren pouco esforzo e son percibidas como “pouco útiles”, pero tamén “castigan” ás “esixentes”, aínda que o seu grao de “utilidade” sexa o mesmo que outras que gozan da “aceptación” xeral e son menos “esixentes” no nivel de traballo requirido. Tal vez non hai que darlle moitas voltas a isto porque un simple cambio de valoración nunha enquisa varía notablemente o promedio, dada e escaseza de datos.








Figura 1. Notas medias para cada unha das dez preguntas en cada materia e nota media xeral tendo en conta soamente as preguntas 1-8. As enquisas realizáronse *on-line* para o grupo A e o grupo B

COMENTARIOS REALIZADOS POLOS/AS ALUMNOS/AS NO APARTADO “OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS” DA ENQUISA E REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenvolvemento do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as no apartado de observación e suxestións. Os comentarios xerais feitos pola alumna representante son os mesmos que os recollidos no informe do 1º cuadrimestre.

Cuestións xerais

En canto a este apartado só se ten recollido o comentario realizado pola representante do grupo B, polo que descoñezo se se trata do sentir dun número representativo de alumnos/as ou dunha opinión persoal.

En canto a cuestións xerais do desenvolvemento do curso, a representante do alumnado indica: *Xa foi expresado durante todo o curso de que se necesita presencialidade para unha mellor aprendizaxe, mais sabemos que polas condicións sanitarias iso non foi posible. Destacar que dentro do que foi o aprendizaxe telemático houbo profesores que o lograron facer máis ameno que outros. Para finalizar dicir que para moitos estudantes este foi un ano complexo e peculiar o cal queda reflectido nas notas. Resulta complexo aprender unha materia a través dunha pantalla e a carga de traballo aumentou o que conleva ter menos tempo que adicar ao estudo. Dicir tamén o bo, en materias como Bioquímica I e Xenética II os seminarios sí foron de gran axuda para conseguir entender a materia pero noutras materias parte do traballo mandado non axuda a dita comprensión.*

A continuación indícase textualmente o transmitido pola representante en canto á **avaliación continua** das materias: *Pensamos que a avaliación continua neste grao está mal plantexada, a diferenza con outros graos ofertados pola universidade. O feito da existencia dunha avaliación continua obriga ao alumnado a traballar ao longo do cuadrimestre mais este traballo de nada vale se logo non se consegue acadar un 5 no examen, a excepción de Bioquímica I que a nota mínima está nun 4. Entendemos que a súa postura defende que o feito de levar a materia ao día facendo traballos e demais facilita acadar o 5 no exame mais iso non é sempre así. En relación coa avaliación continua engadir que non é xusto nin coherente que non saibamos as notas da avaliación continua antes de enfrontarnos ao exame xa que, por exemplo no caso de Xenética I e Xenética II se non consigues mínimo un 2,5 na continua poñendo por caso un alumno que saque un 5 na proba final de nada lle vale aprobar o exame ao ter suspenso a continua e sabendo isto último podería deixar a materia para xullo e levala*

mellor preparada.

Nas enquisas cubertas aparecen tamén algúns comentarios xerais bastante críticos coa docencia. No **grupo A** 3 alumnos/as din o seguinte: 1) *O sistema é tan malo que esixe unha bestialidade de horas para superar as materias para non recordar nada do bombardeo constante de información, sumado a que non hai bós profesores (1 por cuadrimestre, aprox). As prácticas son de pouca utilidade ou ninguna pero está ben facelas. A taxa de abandono da carreira paréceme baixísima, non deixo o grao só porque xa levo a metade, pero ganas non faltan. Cero motivación temos para continuar, e nin sequera serve para nada porque non imos traballar disto.* 2) *Vou deixar esta carreira porque está todo fatal organizado e montado.* 3) *Hay demasiada materia es decir son muy densas muchas de las materias para solamente 6 créditos y muchas cosas ya se dan se dieron y se solapan de otras materias anteriores o entre ellas mismas.* En canto a comentarios específicos sobre materias só se fai un nunha enquisa do **grupo B**: *Muy mal biogeoquímica, botánica no tan mal pero muchas cosas que mejorar.*

REUNIÓN COS/CAS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

A parte das valoracións numéricas das enquisas e as opinións do alumnado foi remitida o 15 de outubro de 2021 aos/ás coordinadores/as das materias. Nas semanas posteriores algúns/has deles/as remitiron as súas opinións e comentarios, que se recollen a continuación.

Botánica II

O coordinador da materia, **prof. Ortiz Núñez**, só fai referencia a un erro detectado na gráfica da súa materia, que xa foi corrixido na versión definitiva do informe.

Bioquímica II

O **prof. Gómez Márquez** envía o seguinte comentario: *Mi único pero es que con un nº tan bajo de respuestas no se deberían obtener conclusiones y desde luego los resultados obtenidos podrían marcar una tendencia pero realmente tienen un valor académico y estadístico muy limitado.*

Xenética II

Tamén respondeu a coordinadora, **profa. Viñas Díaz**, desta materia argumentando sobre cuestións das cualificacións da avaliación continua:

Buenos días,

Lo único que tengo que comentar, además del número bajo de encuestas, es lo referente a que no saben la nota de la evaluación continua. No es del todo cierto. En relación con las notas de prácticas saben con antelación la mitad de la nota (hasta 0,75), la otra mitad no la saben porque tienen que hacer un examen el día del examen final; en cuanto a los cuestionarios, no recuerdo bien, pero al menos del primero (hasta 1 punto) sabían la nota; en relación con las tutorías sí es cierto que no saben la nota. No tengo ningún inconveniente en darles las notas antes siempre y cuando se pueda. Esto en relación con Genética II.

En cuanto a Genética I, lo único que no saben es la nota del trabajo de tutorías; las notas de prácticas son siempre el máximo siempre que trabajen.

O Coordinador de Segundo do Grao de Biología

Fdo. Guillermo Covelo Artos

Terceiro Curso

ENQUISA AOS/AS ALUMNOS/AS

Debido as restricións derivadas da pandemia de COVID-19, a docencia neste período desenrolouse de xeito telemático para as clases maxistras, de xeito presencial para as clases interactivas de e con grupos e número de horas presenciais reducidas no caso das prácticas de laboratorio. Debido as restricións na docencia presencial, as enquisas de satisfacción se realizaron *on-line*, recolléndose un número moi limitado de enquisas (7 en total, 4 para o grupo A e 3 para o grupo B), o que repite a baixa participación nas enquisas *on-line* do curso 19-20 (13 alumnos), sendo netamente inferior a acadada no segundo cuadrimestre en cursos anteriores mediante a realización das enquisas presenciais (90 no curso 16/17, 116 no curso 17/18 e 100 no curso 18/19). Destas, só 1 enquisa incluía comentarios na sección Observacións e suxestións. Recolléronse tamén os comentarios da única representante dos alumnos (Ainé Francos Golán) xa que a outra representante estivo facendo unha estancia SICUE durante este curso e non se nomeou un substituto no grupo B. Debido a pouca representatividade destes comentarios, no foron recollidos neste informe y fóronlles comunicados directamente aos profesores implicados.

Debido a baixa representatividade das enquisas, non se celebrou reunión de coordinadores das materias. O informe enviouse por correo electrónico aos coordinadores das materias o día 7 de Abril de 2022. Non se recibiron comentarios dos coordinadores, que estiveron de acordo en que non era necesaria a realización dunha reunión para avaliar os resultados.

RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DO ALUMNADO

Como se acordou en reunións previas cos coordinadores das materias de terceiro curso, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta a preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Este ano, e debido ao baixo número de enquisas, non se aplicou a regra acordada para non ter en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas no cálculo das medias.




Figura 1. Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. As enquisas realizáronse *on-line*. O pequeno número de alumnos participantes (7) non fai posible un análise das diferenzas entre grupos.

As diferenzas que se observan entre grupos non deben ser tidas en conta, debido ao baixo número de enquisas. Debese ter en conta que no curso 20/21 todas as materias de terceiro foron impartidas polos mesmos profesores nos dous grupos. Ademais, o informe sobre a diferenza de cualificacións entre os diferentes grupos de Clases Expositivas non revelou diferenzas entre grupos en ningunha das materias impartidas neste cuadrimestre (Informe das diferenzas de cualificacións entre os diferentes grupos de clases expositivas para o Grado en Bioloxía, Curso 20/21 aprobado pola Xunta de Facultade do 4/4/2022).

A análise da evolución das avaliacións medias das materias dende o curso 16/17 revela que, mentres no curso 19/20 a docencia *on-line* afectou pouco as medias das enquisas, excepto no caso da materia Fisioloxía Animal comparada, nas enquisas do curso 20/21 obsérvase un claro descenso na media en todas as materias. O mesmo efecto observouse nas enquisas das materias de primeiro cuadrimestre do mesmo curso. Este descenso na valoración das distintas materias non presenta correlación cos resultados obtidos nas distintas materias. Débese salientar que logo de que no curso 19/20 producírase un incremento xeneralizado na taxa de superación de tódalas materias de terceiro curso (92%), os resultados de alumnos que superan as diferentes materias de terceiro do grado no curso 2020/21 (71%) son similares aos dos cursos 2016/17 a 2018/19, manténdose a tendencia de lixeiro incremento en 3º curso de Grao. Polo tanto, os baixos valores obtidos nas enquisas non se correlacionan cunha menor taxa de éxito na superación das materias. É sen embargo, salientable, a baixa taxa de éxito da materia Fisioloxía Vexetal II (55%) en relación as taxas de éxito do resto das materias do mesmo curso (Informe das porcentaxes de superación de materias do grao en Bioloxía, curso 20/21), aínda que esta baixa taxa de éxito non se reflicte nun maior descenso nas valoracións das enquisas en comparación coas outras materias.

O descenso nas valoracións medias das distintas materias veuse seguramente afectado polo paso a docencia telemática nas clases maxistras, a redución das horas de docencia interactiva de xeito presencial nos laboratorios, e tamén debido, probablemente, a que a recollida dun número pequeno de enquisas tende a reflectir as opinións dos alumnos descontentos.





Figura 2. Evolución da valoración xeral (ítems 1-8) das materias do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 16/17, 17/18, 18/19, 19/20 e 20/21. Nos cursos 19/20 e 20/21 as enquisas se realizaron *on-line*, con un número baixo de respostas (13 e 7, respectivamente).

Valoración das materias

Fisioloxía Vexetal II (Coordinadora: Prof.^a Gloria Revilla López)


Contestaron a enquisa un total de 4 alumnos para esta materia (2 do grupo A e 2 do grupo B). A valoración media das respostas dos ítems 1-8 foi de 1,79, fronte aos 2,59 obtidos no curso 19/20. Para as preguntas 1-10, a media foi de 2,03 neste curso, fronte aos 2,61 obtidos no curso 19/20.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Fisioloxía Animal Comparada (Coordinador: Prof. Manuel Aldegunde Villar)


Contestaron a enquisa un total de 4 alumnos para esta materia (2 do grupo A e 2 do grupo B). A media dos items 1-8 foi de 1,44, mentres que para os items 1-10 foi de 1,75, en ámbolos dous casos, menores cas medias obtidas no curso 19/20.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Microbioloxía II (Coordinadora: Prof.^a Alicia Estévez Toranzo)


Contestaron a enquisa un total de 5 alumnos para esta materia (2 do grupo A e 3 do grupo B). A valoración dos items 1-8 foi de 2,21. O mesmo valor acadouse para os items 1-10. Esta foi a materia cuxa valoración descendeu menos neste cuadrimestre en comparación cos cursos anteriores.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Ecología II (Coordinador: Prof. Jesús Aboal Viñas)


Contestaron a enquisa un total de 5 alumnos para esta materia (2 do grupo A e 3 do grupo B). A materia acadou unha puntuación media de 2,19 para os items 1-8 e 2,25 para os items 1-10, valores claramente menores ca os obtidos no curso 19/20,



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Antropoloxía biolóxica (Coordinador: Prof. José L. Blázquez Caeiro)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 5 (2 do grupo A e 3 do grupo B). A media total da materia foi 1,68 se se teñen en conta as preguntas 1-8 e 1,79 se se teñen en conta todas as preguntas. Estes valores son netamente inferiores aos obtidos no curso 19/20, no que as enquisas tamén se fixeron *on-line*.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
- 10.- Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

REUNIÓN COS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/AS

Neste semestre se fixo reunión cos representantes dos/as alumnos/as e os comentarios foron introducidos nos apartados anteriores do informe.

REUNIÓN COS/AS COORDINADORES/AS DAS MATERIAS

Neste semestre non se fixo reunión cos coordinadores das materias de terceiro

A Coordinadora de terceiro do Grao en Bioloxía

Cuarto Curso

VALORACIÓN XERAL DAS ENQUISAS

Neste semestre, debido a situación da COVID, a enquisa do segundo semestre tamén foi feita de xeito *on-line* a través da aplicación MS-Forms. Aínda que se fixeron varios recordatorios aos/as alumnos/as, cubríronse novamente moi poucas enquisas: 5 do grupo A e 1 do grupo B.

O número de enquisas cubertas foi o seguinte: Evolución humana (n=2), Biodiversidade Animal e Conservación (n=4), Biotecnoloxía Vexetal (n= 2), Bioquímica Clínica (n=2), Xeobotánica (n= 2), Enxeñería Xenética (n= 3), Xenética Humana (n= 5), Zooxeografía (n= 2). Este número de enquisas cubertas está relacionado co número de estudantes matriculados nas materias no curso 2020/2021 ($R^2= 0.9$). Pódese concluír novamente que as enquisas feitas de xeito on-line mediante MS-Forms non resultan útiles, presentando o mesmo problema que as enquisas on-line realizadas polo Reitorado. Desde xeito, e ao igual que pasou na enquisa do primeiro semestre, as conclusións que se poden desprender deste informe non son fiables con un tamaño de mostra tan exíguo. En canto sexa posible volverase a facer a enquisa de xeito presencial; o problema desta última opción é que non se poderán valorar algunhas cuestións nas materias do segundo semestre, como por exemplo as relativas á avaliación. Ademais, sumouse o feito que dun erro atribuíble exclusivamente ao coordinador de cuarto á hora de elaborar as enquisas *on-line*. Dito erro arrastrouse desde as enquisas do segundo semestre do ano pasado, e afectou á materia obrigatoria “Proxectos”, que desafortunadamente non foi avaliada e da que non se obtiveron datos.

A evolución do número de matriculados nas materias optativas do segundo semestre desde o curso 2012/2013 (momento do comezo da implantación das materias de cuarto no Grao en Bioloxía) ata o curso 2020/2021 preséntase na Figura 1. Pódese observar: a) Todas as materias teñen un número de alumnos superior a 40, coa excepción de Enxeñería Xenética e Biotecnoloxía Vexetal; b) Existe unha tendencia á alza no número de estudantes matriculados, con altibaixos, en materias do ámbito ambiental como Bioloxía Animal e Conservación (BAC), Xeobotánica (aínda que cunha caída nos dous últimos cursos), e Zooxeografía. Outras materias son bastante estables en canto ao número de alumnos/as matriculados/as (tamén con altibaixos), como Evolución Humana, Biotecnoloxía Vexetal, Bioquímica Clínica, e Xenética Humana. En cambio, Enxeñería Xenética parece estar a experimentar unha certa tendencia a

redución nos últimos anos.




Figura 1. Evolución do número de alumnos matriculados nas materias optativas do segundo semestre de cuarto no Grao de Bioloxía.

Todos os items da enquisa foron valorados como 0 (non procede), 1, 2 e 3. No caso de que as preguntas non foran contestadas (por exemplo, porque o alumno/a non cursase esa materia ou porque non houbo nesa materia unha determinada actividade (p. ex., titorías), a cuadrícula foi cuberta *a posteriori* como 0 (non procede). Debido ao baixo número de enquisas non se proporcionan datos disgregados nos grupos A e B. O nivel de esforzo medio de todas as materias do segundo semestre (item 9) foi de 1.94 ± 0.85 (media \pm SD), e o N^o de horas semanais (item 10) foi de 1.78 ± 0.75 (media \pm SD). Polo tanto, o nivel de esforzo é medio e o número de horas necesarias para cada materia non chega as 3-6 semanais. Novamente, observouse unha elevada correlación entre ambos items ($R^2=0.98$), indicando que proporcionan a mesma información. Tamén existe unha elevada dispersión dos datos en ambos items (44 e 42%, respectivamente), relacionada coa heteroxeneidade no esforzo que supoñen as diferentes materias segundo os alumnos. Así, Bioquímica Clínica e Enxeñaría Xenética seguen a ser as materias que requiren un maior traballo segundo os/as alumnos/as para a súa superación.

Para obter a puntuación media de cada materias se tiveron en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8, xa que as preguntas 9 e 10 se refiren ao esforzo que supoñen para o alumno. Ademais, debido aos problemas coa materia de Xeobotánica, que non tivo docencia no semestre, todos os items foron valorados con un 1 por parte do estudantes, salvo os items P3 (solapamentos) e P6 (seminarios), que foron valorados

cun 0; ámbolos dous items non foron considerados tampouco na nota final da materia.

Por outra banda, para o cálculo da nota media de Zooxeografía foi necesario prescindir tamén das notas do item P6 (seminarios), que si os ten a materia na guía docente pero que non foron valorados por ningún dos dous alumnos. A nota media \pm SD das materias do segundo semestre foi de $2,32 \pm 0,65$ ($CV = 27,98$), polo que é unha boa valoración en xeral, con excepcións como Xeobotánica (1 ± 0) e Evolución Humana (1.71 ± 0.27). No primeiro caso está relacionado coa ausencia de docente nesa materia durante todo o semestre, e polo tanto pódese dicir que existe explicación. No segundo a nota é anormalmente baixa en comparación con outros anos, pero o Coordinador de cuarto non ten constancia de que acontecera ningún problema extraordinario con esa materia; polo tanto, é probable que a nota media esté influída porque soamente foron 2 enquisas as cubertas. Pola contra, destacan as notas de Biotecnoloxía Vexetal (2.93 ± 0.19), Bioquímica Clínica (2.75 ± 0.27) e Zooxeografía (2.75 ± 0.42), se ben neste último caso coa matización de que non se considerou a nota de seminarios no cómputo final porque os alumnos nos os valoraron (na materia, sen embargo, constan 10 horas). Enxeñería Xenética e Biodiversidade Animal e Conservación acadaron notas de 2.54 ± 0.33 e 2.53 ± 0.36 , respectivamente.

Os valores de correlación de Spearman indican que as notas medias das materias neste semestre dependen, sobre todo, dos items 8 (“*A docencia da materia mellora a miña formación*”) ($\rho = 0.944$; $p < 0.001$), 5 (“*Utilidade das clases prácticas (laboratorio/campo)*”) ($\rho = 0.982$; $p < 0.001$), 4 (“*As titorías son de utilidade no desenrolo dos contidos da materia*”) ($\rho = 0.886$; $p < 0.001$), 10 (“*número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*”) ($\rho = 0.809$; $p < 0.01$), 9 (“*nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia*”) ($\rho = 0.809$; $p < 0.01$), 2 (“*O temario impartido se axusta ao programa establecido*”) ($\rho = 0.785$; $p < 0.01$), 7 (“*O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas*”) ($\rho = 0.784$; $p < 0.01$) e 1 (“*As actividades realizadas na materia se axustan as reflectidas na guía docente*”) ($\rho = 0.747$; $p < 0.05$). No parecen influír na nota de xeito significativo os items 3 (“*Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou de cursos diferentes*”) e 6 (“*Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia*”). En canto aos comentarios feitos polos alumnos no apartado de observacións da enquisa, este semestre non houbo ningún.

O item mellor valorado da enquisa foi o 8 (“*a docencia da materia mellora a miña formación*”) (2.47 ± 0.71), seguido do 2 (“*O temario impartido axústase ao programa establecido*”) (2.43 ± 0.78), o 6 (“*Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia*”) (2.42 ± 0.29) e o 7 (“*O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas*”

aulas") (2.41 ± 0.65). O item peor valorado é sen dúbida o número 4 (*titorías*; 2.13 ± 0.71); de feito, algúns estudantes non contestan ao item 4 (valor 0), aínda que na guía docente de todas as materias existen titorías.

1. **As actividades realizadas na materia se axustan as reflectidas na guía docente.** *Valoración dos estudantes:* 2.35 ± 0.74 .
2. **O temario impartido se axusta ao programa establecido.** *Valoración dos estudantes:* 2.43 ± 0.78 .
3. **Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou de cursos diferentes.** *Valoración dos estudantes:* 2.36 ± 0.50 .
4. **As titorías son de utilidade no desenrolo dos contidos da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.13 ± 0.71 . Item mal valorado, unha situación que se repite ano tras ano.
5. **As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.25 ± 0.69 .
6. **Os seminarios son de utilidade para o desenrolo da materia.** *Valoración dos estudantes:* 2.42 ± 0.29 .
7. **O nivel esixido na avaliación se axustou ao nivel dado nas aulas.** *Valoración dos estudantes:* 2.41 ± 0.65 .
8. **A docencia da materia mellora a miña formación.** *Valoración dos estudantes:* 2.47 ± 0.71 .
9. **Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto).** *Valoración dos estudantes:* 1.94 ± 0.85 . O nivel de esforzo e dedicación dos estudantes é medio.
10. **Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).** *Valoración dos estudantes:* 1.78 ± 0.75 O número de horas (< 3 horas semanais) corresponde con nivel de esforzo medio do item anterior. Polo tanto, o problema da carga de traballo non parece ser xeral en cuarto (CV= 42%), e afecta sobre todo a dúas materias: Bioquímica Clínica (3) e Enxeñería Xenética (2.5).

Finalmente, houbo comentarios xerais por parte de dous alumnos referidos sobre todo a cuestións de organización e de falta de prácticas presenciais que paso a continuación a poñer de xeito textual:

